



 **XANDOBELA**
XESZIÓN E DINAMIZACIÓIN SOCIOEULGURAL

www.xandobela.info
info@xandobela.info

CONTAMOS CON JUTTA BAUER
:: OBRA SOCIAL CAJA MADRID ::

CONTAMOS CON JUTTA BAUER :: OBRA SOCIAL CAJA MADRID ::

Jutta Bauer é a autora galardoada co Premio Hans Christian Andersen de Ilustración 2010, premio que reconece aos máis grandes artistas da literatura infantil e xuvenil internacionais. A través deste proxecto pretendemos facer a nosa particular homenaxe a esta fantástica ilustradora e narradora da mellor das formas: achegándonos ao seu universo creativo e vivenciando a súa obra.

EXPOSICIÓN MADRECHILLONA JUTTA BAUER

01-30 de setembro de 2010

De luns a venres de 9 a 21 horas.

MADRECHILLONA!

Contacontos musicado

O 'Consello de Galeg@s Ilustres' diseña e escenifica o conto creado por Jutta Bauer, *Madrechillona*. É un espectáculo que combina á perfección a narración oral, a música, a interacción cos nenos/as a través do xogo.

Un gran pingüín articulado animará a descubrir a súa historia.



PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:

Nenos/as a partir dos 7 anos.

DATA E HORA:

Mércores 15 de setembro, ás 18 horas.

BONA NOX

Xuntos compoñeremos un sinxelo video-clip para o canon infantil de Mozart, ilustrado maxistralmente por Jutta Bauer. Os nenos/as participantes crearán os personaxes e decorados baseándose nas imaxes do libro para logo, cámara en man, deseñar e crear o video-clip. Daranse breves nocións de 'Stop-motion', pero ante todo buscarase que a iniciativa e a creatividade dos nenos/as sexan o fundamento principal da actividade.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:

Nenos/as a partir de 6 anos.

DATA E HORA:

Venres 17 de setembro, ás 18 horas.

SINXELAMENTE TI

Esta pequena xoia fálanos da amizade incondicional e do amor que sentimos cara os nosos amigos a marxe de todas as virtudes e defectos que poidan ter. Pretendemos abordar esta temática tan cercana a través de dous momentos diferenciados: a lectura interactiva do libro e o desenvolvemento dun obradoiro plástico no que recordaremos aos nosos mellores amigos retratándoos a tamaño natural e presentándoos ao resto de compañeiros/as.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:

Nenos/as a partir de 4 anos.

DATA E HORA:

Luns 20 de setembro, ás 18 horas.

A RAÍÑA DAS CORES

Recrearémonos no uso das cores, descubriendo as distintas sensacións que nos producen, buscando a relación cos nosos estados de ánimo ao igual que lle acontece á Raíña das Cores neste maravilloso libro. Nun primeiro momento narraremos o conto para despois intercambiar opinións e ideas cos nenos/as participantes. A continuación experimentaremos coas cores mediante diversas técnicas e materiais, coas que faremos as nosas pequenas grandes obras de arte.

PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:

Nenos/as a partir de 4 anos.

DATA E HORA:

Mércores 22 de setembro, ás 18 horas.